

"Galicia non pode baixar un escalón e quedarse como unha autonomía de segunda"

DOLORES VILLARINO
Presidenta do Parlamento de Galicia

TEXTO • Esther Rodríguez
FOTOGRAFÍA • Vicente Pernía

Presidirá en Trasalba e Ourense os actos de aniversario dos 25 anos do actual Estatuto, dentro deses diálogos itinerantes da Cámara por toda Galicia que promove. Como máxima responsable do Parlamento, busca gañar o respecto dos cidadáns e "que non sintan vergoña de nós" e agarda con especial interese votar as leis de igualdade e dereitos sociais.

Reclama dereitos de autoría sobre unha das frases máis repetidas nos últimos meses: "O Estatuto ou é de todos ou non será", e traballa para poder contemplar os froitos do seu ansiado achegamento da Cámara aos cidadáns. Dolores Villarino, limiá con fortes vencellos en Vigo, presidirá os actos conmemorativos dos 25 anos do Estatuto de Galicia en Ourense.

¿Estáanse a ver resultados cos intentos de achegamento do Parlamento á sociedade?

Non o teño medido nen fixemos unha enquisa pero, en todo caso, este ano triplicamos o número de visitantes ao Parlamento, tanto de nenos como outras liñas de traballo que iniciamos con maiores, e tamén á nosa páxina web, que é unha boa maneira de saber o que se fai neste Parlamento en tempo real. É un traballo de moi longo tempo e nen sequera creo que sexamos capaces en catro anos de dar un salto espectacular, pero algunha vez había que comezar e me conformo con que ao rematar esta lexislatura o Parlamento sexa máis coñecido que cando cheguei.

Hoxe hai cita importante en torno á reforma estatutaria. ¿É posible o consenso?

Máis alá das necesidades de votos porque se necesita unha maioría cualificada, cando se fai unha norma de convivencia que ha de perdurar no tempo ten que ser de todos. As regras de xogo débense aprobar por un amplo consenso para que todo o mundo se sinta cómodo con elas. Creo que o imos conseguir, porque é unha oportunidade histórica e os cidadáns galegos non vamos a permitir que Galicia se quede atrás nestes procesos de reformas, xe que significaría que non fomos capaces de poñer os intereses dos cidadáns por riba dos intereses políticos.

Hai que ter claro que as competencias que teñen que ver coa comunidade autónoma inciden no 90% do que atinxe á vida cotiá dos cidadáns, e confío en que as forzas políticas estean á altura das circunstancias.

¿Hai risco de quedar encaillados en discusións estériles?

Confío en que non pero sempre hai ese risco. O que non se pode, en todo caso, é provocar falsos debates para entorpecer o proceso, porque os cidadáns se van dar conta. Hoxe hai un certo camiño percorrido pero hai que recoñecer que levamos un certo retraso, en relación con Cataluña, Andalucía ou Valencia.

Entón, inacción ou nacionalidade histórica?

En relación co que somos, coa nosa identidade, a Galicia ninguén lle cuestionou nunca nada. Tivemos sempre o recoñecemento máximo desde o punto de vista identitario, ao nivel de Cataluña e Euskadi. Polo tanto, o recoñecemento do carácter nacional de Galicia dentro da Constitución é unha cousa natural e dificilmente un cidadán pode pensar que eso vai significar a ruptura de nada. Pensar

ou a quen botarlle as culpas. Mentres eu sexa presidenta todos os deputados poderán falar con liberdade e sen lle faltar ao respecto a ninguén.

¿Estase a subir o tono nas sesións plenarias?

Non, se hai algunha saída de tono é moi lixeira. Non me gustaría que se os galegos nos ven, se avergoñen de nós, xa que moitas veces a cidadanía se alonxa porque non sabemos facernos merecedores do seu respecto. Un debate duro, con discrepancias profundas, non está rifado en absoluto co respecto ao adversario e á Cámara.

¿Cal é o balance até agora?

O Parlamento gañou moito protagonismo na vida política porque, en primeiro lugar, o executivo ocupao moito, pero para ser controlado, non para controlar, e eso dá unha calidade á vida parlamentaria de moito nivel. As modificacións de actitudes, como as comparecencias do presidente que antes non se producían, supoñen un salto cualitativo, e vai ser difícil que presidentes que veñan detrás sexan capaces de sustraer este logro.

Caro o novo período, ¿que leis agarda con especial gusto?

"Pretendo inventarme a presidencia do Parlamento todos os días, fixándome retos. (...) Non botu de menos outra actividade política no sentido de que nunca me plantexei estar aquí ou noutro lado. Sen embargo, ás veces si que me gustaría baixar á tribuna de oradores e poder facer algunha intervención, pero non pode ser".

que Galicia ten que baixar un escalón e quedarse nunha autonomía de segunda é difícil.

¿Como se leva o bipartito na Cámara? A dicir do PP, fatal.

Que hai un só goberno é unha obviedade. Non hai ningún problema e o outro son as argumentacións propias da oposición, eles verán o que lles parece que pode erosionar máis ao goberno. Están aí as actas para comprobar que PSdeG e BNG votaron sempre xuntos, en maioría estable.

¿Levou moitas sorpresas no cargo de presidenta? Os inicios foron algo duros, co xaleo dos alcaldes do PP.

Obviamente non pensaba que ía ter un incidente desa natureza ao pouco tempo de empezar. Pero teño claro a miña responsabilidade como presidenta, que é garantir que os deputados poidan falar con liberdade. Son a máxima autoridade no Parlamento e teño que impoñer a orde, non teño a quen recurrir

Sería fácil dicir que a do Estatuto, pero diría que as de igualdade e conciliación da vida laboral e familiar. Estamos no século XXI, que se corresponde coa democracia paritaria, coa igualdade entre as persoas e a ampliación dos dereitos de segunda xeneración, de protección dos máis necesitados. Esas serán as normas que, sen dúbida, máis me gustará votar, sen demérito doutras importantes como as de ordeación do territorio.

¿É moi diferente do que pensaba o seu traballo diario? ¿Bota de menos outro tipo de actividade política?



Dolores Villarino, ante no seu despacho.

CONVOCATORIA

► "Herdeiros e debedores da xeración Nós"

O acto da Mesa da Cámara na Fundación Otero Pedrayo de Trasalba pretende, á maneira dun recoñecemento, vencellar o espírito da xeración Nós coa reforma actual do Estatuto. "Todos somos herdeiros e debedores da Xeración Nós", sinala Dolores Villarino, resaltando que as actividades programadas mañá e o sábado se inclúen nos "diálogos itinerantes que estamos a facer polas distintas cidades de Galicia" co obxectivo de achegar o Parlamento á cidadanía. Según sostén Villarino, "non é suficiente nen sería xusto invitar aos cidadáns a que nos visiten, senón que hai que dar un paso, e moverse polo territorio é un bo xeito de facer o achegamento".

Pretendo inventarme a presidencia do Parlamento todos os días, e eu mesma me poño uns retos cada día porque creo que é a miña responsabilidade, para que o Parlamento funcione mellor. Non boto de menos outra actividade política no sentido de que nunca me plantexei estar aquí ou noutro lado. Sen embargo, ás veces si que me gustaría baixar á tribuna de oradores e poder facer algunha intervención, pero non pode ser.

Como militante do PSdeG, ¿que expectativas se fixa cara as municipais?

Os cidadáns están percibindo

o cambio dun xeito moi positivo e parece razoable que estas ansias de cambio se vexan reflexadas tamén nas municipais, aínda que tendo en conta as especificidades que teñen.

¿Non mira con tristora a situación do PSOE vigués?

Coñezo ben o PSOE de Vigo e as cousas non están nada mal. Se nun sitio de 100 se move un, a noticia é que se move un, pero é unha agrupación moi seria e responsable, que se comportou con lealdade nos momentos difíciles. É exemplar e sintome moi orgullosa de ser militante da agrupación socialista de Vigo.